



Boletín de Medio Ambiente


Ponte Maceira

Concellos: Ames e Negreira.

Características: Trátase dun conxunto histórico artístico formado pola Ponte Vella, dous muiños, unha presa, a capela de San Brais e o Pazo de Baladrón.

A actual Ponte Vella data do século XIII e foi construída sobre os piares dunha antiga ponte romana.

O Camiño Marítimo a Santiago e o Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía pasan por esta paraxe.



Noticias

Galicia brilla á vangarda da eólica mariña

O sector naceu da crise, pola necesidade de Navantía de diversificar perante a falta de obras navais.

Esa diversificación debía de reunir varios requisitos: que fose relacionada cos nosos coñecementos e que precisase de instalacións singulares próximas ao mar. Simultaneamente, existía unha forte presión para a adopción de fontes de enerxías renovables, que viñesen substituír ás máis contaminantes. Nese contexto, a opción da eólica mariña adquiría todo o sentido. E gracias a este novo proxecto, conseguiron crear xa centos de empregos.

Fonte: La Voz de Galicia

Plantar árbores non basta para frear o cambio climático

A plantación de árbores co fin de que absorban o exceso de CO₂ non é tan boa idea, de feito, desaparecerían a maioría de ecosistemas naturais e as zonas de cultivo do planeta.

Mesmo, de cumprirse os obxectivos do Acordo de París, esas plantacións de biomasa acabarían cun terzo dos bosques e unha cuarta parte das terras agrícolas actuais.

Faría falta unha política de contención de emisións e implementación de tecnoloxías de captura de CO₂ para que os ecosistemas naturais non acaben sendo desprazados polos cultivos que almacenan eficazmente o dióxido de carbono.

Fonte: Muy Interesante

A auga da metade das praias da ría de Betanzos perdeu calidade no último lustro

Só catro areas conservan a cualificación de excelente fronte ao dez de 2012. Algunhas, como Gandarío, pasaron en cinco anos dunha cualificación de excelente ao suspenso. A urbana de Sada, As Delicias, só obtivo o aprobado en 2013. E O Regueiro foi eliminada xa da clasificación autonómica tras catro anos de resultados negativos. As verteduras, deficiencias na rede ou no funcionamento das depuradoras son algunhas das posibles causas que explican este descenso da calidade da ría.

Fonte: La Opinión Coruña

Descóbrese nas Illas Baleares un bosque de coral bambú

Trátase dunha especie en perigo crítico de extinción, a súa presenza descendeu un 80% no Mar Mediterráneo, que se atopou a 400 metros baixo o mar na canle de Mallorca, nunha rexión submarina situada entre Ibiza e Formentera. Dada a súa extensión e densidade pódese considerar como unha das maiores agrupacións de coral bambú do Mediterráneo. Proporcionan refuxio e acubillo a especies tan cobizadas como os lagostinos ou as gambas, así como especies raras como as esponxas carnívoras.

Fonte: National Geographic

Mensaxe ecolóxica na noite de San Xoán

A noite das fogueiras cerrárase no epicentro da festa, Riazor e Orzán, cunha intervención artística e ecolóxica. A iniciativa programa recrutar aos mozos que aínda queden nos areas pola mañá para deixar escrito sobre a area «Amar o mar» cos restos que queden depositados na praia tras o paso dos miles de persoas que se suman á noite do lume.

Fonte: La Voz de Galicia

Demanda pola polución do aire en París

Unha parisiense demandou ao Estado Francés por non protexer a súa saúde ante a contaminación atmosférica. A demandante, unha profesora de ioga de 56 anos, argumenta que sempre mantivo unha vida sa e que nos 30 anos que leva vivindo na capital francesa viu empeorar a súa saúde, comezando por asma crónica ata pneumonía. O pasado decembro, cando os niveis de contaminación atmosférica chegaron ao seu máximo en 30 anos, a demandante sufriu un ataque agudo de pericarditis. O seu médico corrobora que é unha consecuencia directa dos altos niveis de polución do aire na cidade parisiense.

Fonte: BBC

Redescuberta a Oitava Marabilla do Mundo

As terrazas rosadas e brancas do Lago Rotomahana, antigamente consideradas como a maior atracción turística do hemisferio sur, foron enterradas en 1886 tras a erupción do Monte Tarawera. Pero un grupo de indagadores de Nova Zelandia cre habelas localizado 15 metros baixo o chan e enterradas baixo capas de barro e cinza. Están á espera dun estudo arqueolóxico previo para poder escavar e corroborar que efectivamente se atopan baixo a superficie.

Fonte: La Vanguardia

¿Sabías que...

si che cepillas os dentes coa billa cerrada chegas a aforrar unha chea de auga? Si deixas correr a billa pérdese ata un 1% do consumo mundial. Con este pequeno xesto evitamos desperdiciar un recurso natural tan importante como é a auga.

XUNTA DE GALICIA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Subvencións para auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión, e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e hoteleiro</u>	a) As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos, que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, incluídas no sector hoteleiro ou da industria. Tamén serán subvencionables as actividades contidas no IAE que se correspondan con estas seccións da CNAE 2009. b) As empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía.	25/05/2017 - 06/07/2017
<u>Axuda do Plan Renove de instalacións eléctricas comúns</u>	Comunidades de propietarios ou persoas físicas propietarias de edificios de uso residencial con dous ou máis vivendas.	16/03/2017 - 01/09/2017
<u>Axuda do IGAPE para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020</u>	Pequenas e medianas empresas segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº651/2014	18/04/2017 - 20/06/2017

GOBERNO DE ESPAÑA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Axudas da Fundación Biodiversidad, en réxime de concurrencia non competitiva, para a cofinanciación de proxectos apoiados polo programa LIFE no ámbito da biodiversidade 2017.</u>	Entidades e organizacións sen ánimo de lucro con sede en España, legalmente constituídas e inscritas no réxistro correspondiente. Organismos públicos de investigación, universidades públicas, corporacións de dereito público profesionais, Administracións Públicas, entidades locais e entidades mercantís.	15/03/2017 – 16/10/2017
<u>Axudas da Fundación Biodiversidad, en réxime de concurrencia competitiva, para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, biodiversidade marina e litoral 2017.</u>		15/03/2017 – 30/06/2017

UNIÓ EUROPEA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Acción polo Clima 2017, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 – 07/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Medio Ambiente e Eficiencia Enerxética 2017, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 – 12/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Natureza e Biodiversidade, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 – 14/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Gobernanza e Información Medioambiental, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 – 14/09/2017
<u>Axudas para Enerxías con baixas emisións de carbono 2017, baixo o programa Horizonte 2020.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	14/10/2015 – 07/09/2017
<u>Financiación de proxectos integrados para o Medio Ambiente e a Acción polo Clima, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 – 26/09/2017

Menús escolares con produtos ecolóxicos da comarca

O proxecto do Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos vai máis aló da distribución dos produtos baixo a premisa de quilómetro cero ou a aposta por sabores máis naturais, e pretenden promocionar a cultura ecolóxica con visitas e charlas didácticas aos escolares.

As escolas de Carral, Cambre e Curtis foron as primeiras en sumarse a esta iniciativa. E en setembro tamén queren empezar as de Oza-Cesuras, Xanceda, Abegondo e Présaras, en Vilasantar.

O éxito da iniciativa foi tal que mesmo os pais e profesores crearon grupos de consumo «van coller os nenos e xa recollen a súa compra».

Fonte: La Voz de Galicia

Cabras en helicóptero para salvar unha illa do Pacífico

No Océano Pacífico, entre as illas de Barbuda e Antiga, atópase unha illa de apenas 1,6 km²: a illa de Redonda. O home, séculos atrás, introduciu especies non autóctonas na zona, cabras e ratas, que se alimentaron de especies vexetais e animais que non se poden atopar noutra parte do mundo, só nesta remota illa. Un grupo de ecoloxistas dispónse a erradicar a praga de ratas, e a trasladar ás cabras en helicóptero ata a illa de Antiga para que a vexetación da illa e as especies animais en perigo de extinción volvan florecer de novo. Esperan que en 100 anos a illa de Redonda volva ser o paraíso ecolóxico que era hai séculos.

Fonte: BBC

Teléfonos reciclados para controlar os bosques

A compañía *Rainforest Connection* desenvolveu un sistema de alarma para sinalar aos locais e ambientalistas de riscos inmediatos que poidan afectar as árbores.

Este sistema usa teléfonos móbiles reciclados, pequenos paneis solares e aplicacións, que en conxunto se converten nunha rede de monitoreo a tempo real do bosque, pois non só actualiza información cara a unha nube electrónica, tamén alerta de sons como cadeas. Así, os coidadores e equipos de intervención poden inmediatamente entrar a salvar as árbores en risco.

Fonte: Ecoesfera

Finlandia prepárase para enterrar os seus residuos nucleares

O país nórdico plantexa enterrar na próxima década preto de 3.000 colectores de cobre que conteñen dúas toneladas de combustible usado pola industria eléctrica nuclear finlandesa. Este combustible, que contén plutonio e outras substancias nucleares, manterase radioactivo durante millóns de anos. O seu destino é un túnel envolto en granito de case 5 km de longo, baixo un terreo boscoso no Golfo de Botnia, situado entre o oeste de Finlandia e o leste de Suecia. Os científicos consideran que entre os colectores de cobre, o recubrimiento natural de granito do túnel e a arxila entre a que os enterrarán será suficiente para previr a contaminación a xeracións futuras.

Fonte: The New York Times